



Guía Docente

Datos Identificativos					2021/22
Asignatura (*)	Relacións Literarias e Culturais no Espazo Lingüístico Galego-Portugués			Código	613584120
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)				
Descriptorios					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Portugués				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es		
Profesorado	Samartin López-Iglesias, Roberto	Correo electrónico	roberto.samartin@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo dos principais elementos e instrumentos culturais que explican tanto o funcionamento como as relacións entre os varios sistemas que conforman o intersistema cultural galego-portugués				



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Sen modificacións nos contidos previstos no guía docente</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen: Mantéñense as Lecturas e os Traballos Tutorizados. **Metodoloxías docentes que se modifican: Fican sen efecto a Sesión Maxistral, a Discusión Dirixida, o Glosario e o Seminario. A porcentaxe atribuída agora a esta última metodoloxía na avaliación será atribuída ao Traballo Tutorizado (75%)</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Toda a información e a documentación relativa ao seminario está accesíbel no Campus Virtual da materia. Teams, en horarios e formato (síncrono ou asíncrono) acordados co alumnado. Correo electrónico a demanda do alumnado.</p> <p>4. Modificacións na avaliación: As tres metodoloxías de avaliación previstas (Leituras, Traballo Tutorizado e Seminario) serán substituídas, caso necesario, pola realización de 5 leituras e os traballos tutorizados correspondentes a cada unha delas. As 3 primeiras leituras serán seleccionadas dos tres blocos en que está organizada a materia (a razón de unha lectura por cada bloco) e as dúas restantes serán propostas polo/a estudante ou escollidas da bibliografía complementar que acompaña a planificación da materia. De cada unha desas leituras cada estudante elaborará un Resumo contendo os obxectivos perseguidos, os métodos utilizados e as conclusións ou hipóteses atinxidas en cada texto; un Esquema que conteña a estrutura e as principais ideas presentes en cada artigo; un Glosario cos principais conceptos relativos ao artigo/asunto en foco; seleccionará tres Fragmentos considerados de especial relevancia para o entendimento dos contidos totais ou parciais do texto; por último, cada persoa responderá nunha extensión máxima de unha páxina a pregunta: En que reside o interese do texto e cal é a súa utilidade formativa no ámbito do Mestrado? O Resumo, Esquema, Glosario, Fragmentos e Resposta ás cuestións referidas serán entregues, en formato pdf devidamente identificado através dunha tarefa habilitada aos efectos no Campus Virtual da materia na data acordada co docente. *Observacións de avaliación: As persoas matriculadas realizarán aqueles traballos tutorizados (5 valores) e aquelas leituras (5 valores) que lle foren encomendados de acordo co previsto nesta addenda. As actividades contempladas neste apartado do guía da materia serán realizadas de modo non presencial e (a)síncrono. O alumnado con dificultades para o acompañamento da materia durante a vixencia deste plano de continxencia quer por motivos técnicos ou materiais (de conexión a internet, de acceso a computadores, etc.), quer por necesidades ou limitacións persoais de calquera tipo (coidados, conciliación, horarios ou espazos restrinxidos, etc.) deberá contactar co profesor no menor tempo posíbel a fin de seren arbitradas as medidas de flexibilización e adaptación necesarias para a atención de cada caso particular. As restantes observacións feitas á avaliación no guía docente da materia continúan en vigor.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Son disponibilizados no Campus Virtual todos os materiais bibliográficos necesarios para o acompañamento da materia.</p>
-----------------------------	--

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural mais extenso que trascenda os límites dunha soa lingua e/ou nación, atendendo á diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos produtos artísticos e das realidades culturais
A4	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos
A6	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos hispánico e galego-portugués
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A13	Aplicar unha perspectiva comparatista de carácter transnacional e plurilingüístico aos estudos literarios, artísticos e culturais



A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben enfrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Colocar o estudo da literatura nun marco cultural amplo, ultrapasando fronteiras nacionais e atendendo fundamentalmente ao espazo galego-portugués.	AM1		
	AM6		
	AM8		
	AI1		
Desenvolver a capacidade creativa na análise de textos literarios, produtos artísticos e realidades culturais desde unha perspectiva comparatista.	AM3		
Empregar unha análise de tipo comparatista, transnacional e plurilingüística ao estudo da literatura.	AM4		
	AI2		
	AI3		
Utilizar as Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (TIC) precisas para o desenvolvemento do traballo e para a adquisición de coñecementos e destrezas ao longo da vida.		BM3	
		BP1	
		BP3	
		BP5	
Tomar conta, como profesional e como cidadán/á, da relevancia da adquisición de coñecementos ao longo de toda a vida.		BP1	
		BP2	
		BP4	
Colaborar para a comprensión intercultural desde a asunción da diversidade.		BP4	CM4
Traballar a capacidade de síntese e a adopción dunha perspectiva crítica a fin de poder desenvolver proxectos de investigación de calidade.			CM1
			CM2
			CM5
			CM6
			C11
			C12

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O intersistema cultural galego-portugués	1.1. Materiais, normas e repertorios



2. Relacións literarias e culturais no intersistema lusófono	2.1. Produtores/as, institucións e eventos. 2.2. Interseccións: Saudosismo, Neotrovadorismo, Iberismo, ...
3. Industrias e políticas culturais no intersistema lusófono	3.1. Cadro normativo, políticas culturais e planificación

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A6 A8 B7 B8 C4	3	3	6
Discusión dirixida	A13 A3 A12 C7 C5 C6 C8	3	3	6
Seminario	A1 A3 A6 A8 B5 B6 B7 B8 C2 C4	5	10	15
Traballos tutelados	A3 A4 A14 A12 B4 B3 C1 C7	5	15	20
Glosario	A14 B6 C2 C5	2	3	5
Lecturas	A1 A4 A8 C1 C4 C7 C5	3	15	18
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Apresentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas no seminario.
Discusión dirixida	Presentación polo profesor ou polo alumnado dunha serie de casos teórico-práticos para a súa análise conxunta e colaborativa ao longo das sesións presenciais.
Seminario	Traballo en grupo a partir da exposición oral ao conxunto da turma das lecturas atribuídas polo profesor no inicio das sesións ou, eventualmente, dos resultados dalgún dos traballos tutorizados. Durante os seminarios, o alumnado utilizará os recursos tecnolóxicos e metodolóxicos precisos ao efecto e demostrará a asunción e a aplicación práctica dos contelúdos, destrezas e competencias abordados na materia.
Traballos tutelados	Realización de abordaxens concretas relacionadas cos asuntos abordados na materia. Estes traballos poderán ser realizados de maneira individual ou colectiva (de acordo coa planificación realizada polo profesor no inicio das sesións).
Glosario	Apresentación e discusión colaborativa de conceptos fundamentais para o entendimento das varias ferramentas teórico-metodolóxicas focadas na materia.
Lecturas	Realización dunha serie de lecturas breves (artigos ou capítulos de libro) previamente seleccionadas polo docente e relacionadas directamente cos contidos abordados na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Seminario Lecturas	<p>Ao lado do labor de acompañamento realizado no horario de atendimento marcado polo profesor responsábel pola materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente (que non unicamente) para o apoio á realización do(s) Traballo(s) Tutorizado(s), das Lecturas e dos seminarios. De maneira xeral, recoméndase que cada alumno/a asista polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición das lecturas atribuídas.</p> <p>Para a realización das actividades previstas e a fin de obter unha orientación adecuada, é fundamental que o alumnado comunique de maneira fluída e frecuente tanto os seus progresos como as súas eventuais dificultades. Alén diso, cada estudante poderá realizar toda clase de consultas en relación ao desenvolvemento da materia, quer no horario de atendimento quer através do correo electrónico.</p> <p>Esta atención personalizada tamén está especialmente contemplada para o alumnado a tempo parcial e con dispensa académica recoñecida, así como para o estudiantado matriculado para se examinar na convocatoria de decembro.</p>
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A3 A4 A14 A12 B4 B3 C1 C7	Serán avaliados os contidos focados e os resultados do proceso ensino-aprendizaxe en relación á consecución dos obxectivos procurados na materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a capacidade para a aprendizaxe autónoma e/ou o traballo en equipa, a capacidade analítica e crítica, e a adecuación aos obxectivos formulados polo profesor para estas actividades.	60
Seminario	A1 A3 A6 A8 B5 B6 B7 B8 C2 C4	Será avaliada fundamentalmente a comprensión e o dominio dos contidos apresentados e comentados, así como a utilidade da discusión para os propósitos da materia. Levarase tamén en conta a calidade lingüística, a organización e a secuencia expositiva, a clareza e precisión nas intervencións, a interacción co auditorio, o uso do tempo dispoñíbel e a eventual elaboración e utilización dos recursos tecnolóxicos.	15
Lecturas	A1 A4 A8 C1 C4 C7 C5	Para alén da eventual presentación oral dalgunha das lecturas propostas, será avaliado o nivel de análise e comprensión das restantes lecturas demostrado no traxecurso das outras presentacións, nos seminarios e nas discusións dirixidas.	25

Observacións avaliación



A avaliación da materia será feita de forma continua. Nela serán levados en conta non apenas os elementos referidos no lugar correspondente deste guía mais tamén, de xeito transversal, as competencias lingüísticas, argumentativas e para a aprendizaxe colaborativa demostradas ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste sentido, todas as actividades deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal?). No caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación segundo os criterios que constan no documento "Exixencias mínimas de corrección lingüística" (aprobado pola Sección de Galego-Portugués o 6/7/2018 e pendurado no Campus Virtual).

Os traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin , ferramenta para a detección do plaxio así como de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso polo mesmo/a alumno/a. En caso de que se produza algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).

Todas as actividades deberán ser realizadas e entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no documento coa planificación da materia que o profesor fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma Moodle. As actividades entregadas fóra do prazo marcado non serán obxecto de avaliación.

O estudiantado a tempo parcial ou con dispensa académica realizará e entregará nunha data concertada previamente co docente aquelas leituras e traballos tutorizados indicados polo profesor. O estudiantado nestas circunstancias deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico no inicio do curso. Para aquel alumnado que certifique imposibilidade de asistir ás aulas será de aplicación o dito neste punto, debendo tamén contactar co profesor da materia o antes posíbel.

O alumnado que se apresente á convocatoria adiantada de decembro terá de contactar previamente co docente responsábel pola materia e, para a superar, terá de realizar aqueles traballos tutelados (5 valores) e aquelas leituras (5 valores) que lle foren encomendados.

Se houber criterios específicos de avaliación para algunha das tarefas propostas, estes serán oportunamente disponibilizados polo profesor responsábel a través do Moodle e/ou expostos na sala de aulas. O docente fornecerá, igualmente, as oportunas instrucións para o correcto desenvolvemento de cada unha das actividades previstas.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán concorrer á oportunidade de xullo . Para superaren a materia nesta segunda oportunidade, @s estudantes deberán realizar satisfactoriamente todas aquelas tarefas non superadas na oportunidade anterior xuntamente con aqueles outros traballos que foren agora solicitados.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non presente ningunha das actividades previstas neste guía.



Bibliografía básica

- Abuín González / Tarrío Varela, Anxo (eds.) (2004). Bases metodolóxicas para unha historia comparadas das literaturas da Península Ibérica. . Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
 - Casas, Arturo (2003). "Sistema interliterario y planificación historiográfica a propósito del espacio geocultural ibérico". Interlitteraria 8
 - Dias, A. F. (1998). História e crítica da literatura portuguesa.. Verbo.
 - Fernández del Riego, Francisco (2001). "Galegos e portugueses na área da cultura común". Congreso de Literatura Galega e do Norte de Portugal: o libro e a lectura. Consellería de Cultura, C
 - Freixeiro Marto, Xosé Ramón (1994). "Unha visión das relacións culturais galego-portuguesas nos anos vinte a través da correspondencia entre Teixeira de Pascoaes e Noriega Varela". Boletín Galego de Literatura 11
 - Petrov, Petar et alii (2012). Avanços em literatura e cultura portuguesas. Século XX. AIL-ATRAVÉS eDITORA
 - Pociña López, Andrés José (2007). "Portugal en la obra de Eduardo Pondal". Aula ibérica: Acta de los congresos de Évora y Salamanca. Ediciones Universidad de Salamanca.
 - Pozo Garza, Luz (2001). "Poesía portuguesa en Nordés". Congreso de literatura galega e do norte de Portugal. Xunta de Galicia
 - Rodrigues Baptista, António (1993). Rosalía de Castro no horizonte dos 'saudosistas' portugueses. Da crítica de António Sérgio á veneración de Teixeira de Pascoaes". Aula ibérica: Acta de los congresos de Évora y Salamanca. Ediciones Universidad de Salamanca.
 - Salinas Portugal, Francisco (2007). "A língua e a literatura portuguesas na configuração do campo literário galego". Aula ibérica: Acta de los congresos de Évora y Salamanca. Ediciones Universidad de Salamanca.
 - Samartim, Roberto López-Iglesias (2017). Mudança política e sistemas culturais em transição. Santiago de Compostela: Laiovento
 - Samartim, Roberto López-Iglesias / Cordeiro Rua, Gonçalo (2009). "O pensamento cultural galego em referência a Portugal: posição e função de ideias e grupos no Tardofranquismo e na Transição". Congresso Internacional "O pensamento luso-galaico-brasileiro entre 1850 e 2000. Imprensa Nacio
 - Seabra, José Augusto (1999). "Apostila. A geração da Renascença Portuguesa e a revista Nós".. Nova Renascença.
 - Torres Feijó, Elías J. (). "Contributos sobre o objecto de estudo e metodologia sistémica. Sistemas literários e literaturas nacionais".. Bases metodolóxicas para unha historia comparadas das literaturas da Península Ibérica. USC.
 - Torres Feijó, Elías J. (2007). "O 25 de Abril e as suas imediatas conseqüências para e no campo do protossistema cultural galeguista". . Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos 2.
 - Valiente Fernández, Alicia (2007). "La recepción de la cultura portuguesa en la revista Nós". Revista de Filología Romántica 24.
 - Vázquez Cuesta, Pilar (1992). "Relacións entre as literaturas galega e portuguesa". Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega.
- ALONSO ESTRIVIZ, Isaac (2002). Relações de Teixeira de Pascoaes com escritores e intelectuais. Portal Galego da Língua. Consultado em http://agal-gz.org/faq/lib/exe/fetch.php?media=contributos-pgl:relacoes_de_teixeira_de_pascoaes.pdf.BALTRUSCH, Burghard (2009). A Galiza e a Lusofonia. Os Estudos Portuguesesna Universidade de Vigo. In Ana Gabriela Macedo & Maria Eduarda Keating (orgs.), IX Colóquio de Outono. Censura e inter-dito/Censorship and inter-diction (pp. 253-269). Braga: Centro de Estudos Humanísticos.BELLO VÁZQUEZ, Raquel (2012). Portugal como referente na Galiza do século XVIII. O caso de José Andrés Cornide. In Petar Petrov, Pedro Quintino de Sousa, Roberto L.I. Samartim e Elías J. Torres Feijó (eds.), Avanços em Literaturas e Culturas Africanas e em Literatura e Cultura Galega (pp.271-288). Santiago de Compostela/ Faro: AIL/Através Editora.BELLO VÁZQUEZ, Raquel (2015). A existência de uma comunidade luso-galega como elemento afetivo nas visitas a Santiago de Compostela procedentes de Portugal. Primeiros resultados através de inquéritos quantitativo-qualitativos. In Elías J. Torres Feijó, Raquel Bello Vázquez, Roberto Samartim e Manuel Brito-Semedo (eds.). Estudos da AIL em Teoria e Metodologia. Relacionamento nas Lusofonias II (pp. 87-96). Santiago de Compostela/ Coimbra: AIL.CORDEIRO RUA, Gonçalo & RODRÍGUEZ PRADO, Mª Felisa (2002). Sistema literário galego e mundo lusófono primeira metade de setenta (1969-1974).



Portugal para quê?. In Regina Zilberman (org.). Atas do VII Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas. Brown University-Providence, Rhode Island, Estados Unidos, 1-7 de julho de 2002 [CD-Rom] (pp. 172-198). [s.l.]: Associação Internacional de Lusitanistas. Consultado em <https://lusitanistasail.press/index.php/ailpress/catalog/book/25>. DIAS, Eduardo Mayone (1996). Iberismo político e iberismo cultural (Relações entre Portugal e Espanha desde a segunda metade do século XIX). In Ramón Lorenzo & Rosario Álvarez (eds.), Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta (pp. 773-782). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. FERNÁNDEZ CARBALLIDO, Xurxo (2013). A situación actual do ensino da língua portuguesa na Galiza. *Diacrítica*, 27-1, 277-286. FERNÁNDEZ CARBALLIDO, Xurxo (2019). O ensino da língua portuguesa na Galiza. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Faculdade de Filologia (Tese de Doutoramento, inédita). FERNÁNDEZ REI, Francisco (1995). A «questione della lingua» galega. In Henrique Monteagudo (ed.) (1995). *Estudios de sociolingüística galega sobre a norma do galego culto* (pp. 177-195). Vigo: Galaxia. FERNÁNDEZ SOUTO, Ana Belén & VÁZQUEZ GESTAL, Montse (2011). Public relations strategies applied to the implementation of a ?contry-brand? in the Galicia-north Portugal Euro-region. *The Portuguese journal of social science*, vol. 10 (2). Consultado em <http://pjss.iscte-iul.pt/index.php/pjss/article/view/21>. HARRINGTON, Thomas S. (2001). Risco y Portugal: contactos anteriores a la teoría de nacionalismo galego y la revista Nós. *Revista de lenguas y literaturas catalana, gallega y vasca*, 7, 247-262. LOIS, Rubén Camilo, ESCUDERO GÓMEZ, Luis & GUSMÃO, Inês (2019). El debate actual sobre la(s) frontera(s) aplicado al caso ibérico: elementos de des-fronterización y re-fronterización entre España y Portugal en el siglo xxi. *Revista de historiografía*, 30, 157-180. LÓPEZ FERNÁNDEZ, Teresa (1991). Névoas de Antano. Ecos dos Cancioneiros galego-portugueses no século XIX. Santiago de Compostela: Edicións Laiovento. LOURIDO, Isaac (2019). O espaço literário ibérico na última década. Hipóteses para o estudo das fronteiras e das relações entre sistemas. In Cristina Martínez Tejero & Santiago Pérez Isasi (eds.), *Perspetivas críticas sobre os estudos ibéricos* (pp. 203-221). Veneza: Edizioni Ca' Foscari. DOI:<http://doi.org/10.30687/978-88-6969-323-6>. MARCO, Aurora (1996). Exemplificação das relações culturais entre Galiza e Portugal. *Agália*, 46, 197-209. MEDEIROS, António F. G (2003). Discurso Nacionalista e Imagens de Portugal na Galiza. *Etnográfica: revista do Centro de Estudos de Antropologia Social*, VII (2), 321-349. NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M[anoel] (1993). Portugal e o Galeguismo até 1936. Algumas Considerações Históricas. *Penélope. Revista de história e ciências sociais*, 11, 67-82. PAZOS-JUSTO, Carlos (2011). A imagem da Galiza e dos galegos em Portugal entre fins do século XIX e primeiras décadas do XX: do imotipo negativo ao imotipo de afinidade. *Veredas*, 16, 39-69. PAZOS-JUSTO, Carlos (2016). A imagem da Galiza em Portugal. De João de Redondella a Os Galegos são nossos irmãos. Santiago de Compostela: Através Editora. RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Elías (2018). Análise e balanço do quadro legislativo para o relacionamento intercomunitário: o caso da Lei Paz-Andrade. Corunha: Universidade da Corunha, Faculdade de Filologia (Trabalho Fim de Grau, inédito). Consultado em <https://ruc.udc.es/dspace/handle/2183/21774>. RODRÍGUEZ PRADO, M^a Felisa (2004). Inovações repertoriais no campo cultural galeguista na década de 70 e as transferências do mundo luso-afro-brasileiro. In [Atas do] VIII Congresso Luso-Afro-Brasileiro de Ciências Sociais. A questão social no novo milénio. Consultado em https://www.ces.uc.pt/lab2004/inscricao/pdfs/painel53/Felisa_Rodriguez_Prado.pdf. RODRÍGUEZ PRADO, M^a Felisa (2014). Textos ficcionais e práticas culturais de portugueses com relação a Santiago de Compostela: contrastes e homologias. In Elías J. Torres Feijó, Raquel Bello Vázquez, Roberto Samartim e Manuel Brito-Semedo (eds.). *Estudos da AIL em Teoria e Metodologia. Relacionamento nas Lusofonias I* (pp. 143-157). Santiago de Compostela/Coimbra: AIL. SAMARTIM, Roberto e PAZOS-JUSTO, Carlos (2019): Portugal e(m) nós. Contributos para a compreensão do relacionamento cultural galego-português. Vila Nova de Famalicão: Edições Humus. SOEIRO, Teresa (2016). Galiza no Porto: evocação da Semana Cultural Galega de 1935. *Portvgalia, Nova Série*, 37, 89-129. SOUSA, João Pedro de (2000). Imagens da Galiza na imprensa portuguesa. Consultado em <http://bocc.ubi.pt/pag/sousa-joorge-pedro-Imagens-Galiza.html>. SOUTO, Elvira (1986). Galiza na Seara Nova. *Agália*, 7, 332-337. TORRES FEIJÓ, Elías J. (2019): Galeguismo precário e Portugal. Entre os Jogos Florais de Tui e a Academia Galega através das revistas culturais (1891-1906): os sistemas literários galeguista e português e o seu relacionamento. Santiago de Compostela: Andavira. TORRES FEIJÓ, Elías J. (2019): Portugal para quê? Seis marcos no relacionamento galego-português. Santiago de Compostela: Andavira. TORRES FEIJÓ, Elías J. & SAMARTIM, Roberto (2018). Sobre conflito linguístico e planificação cultural na Galiza contemporânea. Dez contributos. Santiago de Compostela: Através Editora. VÁZQUEZ CUESTA, Pilar (1991). Portugal e nós. A Trabe de



Ouro, 6, 191-203. VÁZQUEZ CUESTA, Pilar (1995). Portugal-Galicia, Galicia-Portugal. Un diálogo asimétrico. Colóquio/Letras, 137/138, 5-21. VENTURA, António (1988). A ?Seara Nova? e a Galiza. Contribuição para o estudo das relações culturais luso-galegas. CLIO. Revista do Centro de História da Universidade de Lisboa, 6, 141-150. VILLARES, Ramón (1983). As relacións da Galiza con Portugal na época contemporânea. Grial, 81, 301-314



Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para poder acompañar correctamente o seminario será preciso ter o nivel suficiente (recoméndase un mínimo equivalente ao nivel B2 do Cadro Europeu) de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, nas línguas de uso na materia. Todas as cuestións non contempladas explicitamente neste guía ou as eventuais dúbidas en relación co desenvolvemento do seminario serán resolvidas polo profesor no seu horario de atendimento, nas sesións presenciais ou no correo electrónico que figura no lugar correspondente deste documento.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías